

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que recibíuse neste Servicio un escrito de D. Carlos Pousada Rolán, en calidade de presidente da Xunta de Montes de Mirones, con data 2 de abril de 1996, solicitando a transformación en convenio do consorcio "Portela de Mirones" (OR-2043) na parte correspondente a súa propiedade.

2º.- Que se acompaña certificación do secretario da comunidade D. Miguel González Parada na que se fai constar que en asemblea xeral, en data 25 de marzo de 1996, se tomou o acordo de iniciar ós trámites para subscripción do convenio.

3º.- Que o monte veciñal en man común de Mirones que se quere convenir se compón de 61,30 Has. que forman o consorcio do monte "Portela de Mirones" (OR-2043).

4º.- Que en sesión do 14 de maio de 1974, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar o monte de "Portela de Mirones" a favor dos veciños de Mirones, do termo municipal de Riós, sendo firme o acordo o non ter reclamacións presentadas no prazo.

5º.- Que os traballos de repoboación imputables o consorcio "Portela de Mirones" (OR-2043), comezaron no ano 1952.

6°.- Que o estado de contas do monte "Portela de Mirones" (OR-2043), na parte correspondente os veciños de Mirones, é o seguinte:

ATA O 14 DE MAIO DE 1974

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio 1.061.684.-Ptas.

Corresponde ós veciños de Mirones:

-traballos: 1.061.684 ptas.x61.30Ha/ 113Has.	575.940.-Ptas.
-Garderia: 540Ptas./Ha.x61,30 Ha. ..	33.102.-Ptas.
-Administración: 7.85% s/575.940 Has.	<u>45.211.-Ptas.</u>

TOTAL GASTOS..... 654.253.-Ptas.

- INGRESOS

Ingresos totais do consorcio: 230.060.-Ptas.

Corresponde ós veciños de Mirones:

aproveitamentos maderables:

230.060.-Ptas.x61,30Ha./113 Ha.	124.802.-Ptas.
--------------------------------------	----------------

-Condonación débeda lei 13/1989.....	<u>529.451.-Ptas.</u>
--------------------------------------	-----------------------

TOTAL INGRESOS..... 654.253.-Ptas.

Resulta un saldo de CERO PESETAS da data da clasificación.

DENDE O 14 DE MAIO DE 1974A ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1996

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio 5.997.452.-Ptas.

Corresponden os veciños de Mirones:

-Traballos: 5.997.452Ptas.x61.30Ha./113 Ha. 3.253.485.-Ptas.

-Garderia: 1.080Ptas./Ha.x 61,30Ha. 66.204.-Ptas.

- Administración: 7,85% s/3.253.485Ptas.... 255.398.-Ptas.

TOTAL GASTOS..... 3.575.087.-Ptas.

- INGRESOS:

Ingresos totais do Consorcio: 138.777.-Ptas.

- Corresponden os veciños de Mirones:

Aproveitamentos maderables:

138.777.-Ptas.x61,30Has./113,00 Has. 75.283.-Ptas.

TOTAL INGRESOS..... 75.283.-Ptas.

resulta un saldo no monte "PORTELA DE MIRONES" (OR-2043) DE:
G - I = 3.575.087.-pTAS. - 75.283 Ptas. = 3.499.804 Ptas. A
FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes
bases:

Nome: "PORTELA DE MIRONES".

Elenco: 32155128

Superficie: 61,30 Has.

Pertenza: Veciños de Mirones

Termo municipal: Rios.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 3%.

Saldo inicial do convenio: 3.499.804.-Ptas. a favor da Xunta de Galicia.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Portela de Mirones" (OR-2043) teña as seguintes características:

Nome: Portela de Mirones.

Elenco: OR-2043

Superficie: 51,70 Has.

Pertenza: Varios

Termo municipal: Rios


A restar da conta de gastos: 3.829.425.-Ptas.

a restar da conta de ingresos: 200.085.-Ptas.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 1997

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

Vº. Bº.
O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio OR-2043 do monte Portela de Mirones nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade Veciñal de Mirones, propietaria das 61,30 Has. procedentes do citado monte Portela de Mirones, sito no termo municipal de Rios, e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xúrida e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Aprobar o convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "PORTELA DE MIRONES".

Elenco: 32155128.

Superficie: 61,30 Has.

Pertenza: Veciños de Mirones.

Termo municipal: Rios.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do convenio: 3.499.804.-Ptas. a favor da Xunta de Galicia.

2º.- E que no sucesivo o consorcio "Portela de Mirones" (OR-2043) teña as seguintes características:

Nome: Portela de Mirones.

Elenco: OR-2043

Superficie: 51,70 Has.

Pertenza. Varios.

Termo municipal: Rios

A restar da conta de gastos: 3.829.425.-Ptas.

A restar da conta de ingresos: 200.085.-Ptas.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	55128
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREA, POR DELEGACION DO, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, ~~en nome da representación que legalmente ostenta~~ ORDE DO 13-12-1.993

Da outra, D. CARLOS POUSADA ROLAN, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE PORTELA DE MIRONES, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 21-1-1.952 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a OS VECIÑOS DE MIRONES

e son os que a continuación se describen:

Denominación: OR-2043

Termo municipal: RIOS

Provincia: OURENS

Situación administrativa e legal: MONTE VECIÑAL EN MAN COMUN PERTENECENTE OS VECIÑOS DE MIRONES

Límites:

N.: MONTE PORTELA DE TRANSVEREA

S.: TERMINO DE TREPA

L.: FINCAS PARTICULARES DE MIRONES

O.: MONTE DE FEILAS (VILLARDEVOS)

Superficie: 61,30 HAS.

Estado forestal: REPOBLACION FORESTAL DE PINUS PINASTER Y PINUS SYLVESTRIS.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: VECIÑOS DE MIRONES

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
OR-2043 (61,30 HAS)

Sen vexetación arbórea: -----

Servidumes: ALGUNHA DE PASO

3ª.— O chan continuará pertencendo a OS VECIÑOS DE MIRONES

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-2043

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de CUARENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINUS PINASTER, PINUS SYLVESTRIS, E OUTRAS ESPECIES QUE SE CONSIDERE OPTIMAS PARA OS MONTES.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSE MANUEL BALTAR BLANCO, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado PORTELA DE MIROÑES a favor dos veciños

de Miróns, no concello de RIÓS

2.— Que, así mesmo, figura Don CARLOS POUSADA ROLAN, e

Don MIGUEL GONZÁLEZ PARADA, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, dende o 27 febreiro 1995 ata o 27 febreiro 1999.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense a 1 de outubro de 199 7.



Don MIGUEL GONZALEZ PARADA, Secretario de LA JUNTA DE MONTES DE MIROS

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 25 DE MARZO DE 1.996 estando designado

Don CARLOS POUSADA ROLAN representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en MIROS (RIOS)

a 25 de MARZO de mil novecientos noventa e SEIS.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Carlos Pousada

O PRESIDENTE

Asdo.: CARLOS POUSADA ROLAN

Asdo.: MIGUEL GONZALEZ PARADA

Miguel Gonzalez

D. TOMAS FERNANDEZ-COUTO JUANAS

Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Carlos Pousada



O CONSELLEIRO
P/D
O SECRETARIO XERAL

ASDO. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ (O.DD 13-12-93)